

## Reveriano Soutullo Otero

(Ponteareas, 11-VII-1880 / Madrid, 28-X-1932)

Autor de zarzuelas e músicas funcionais. Iniciou os seus estudos musicais co seu pai, e afeizoounos co Director da Banda do Reximento de Mércia (Vigo), Cetina, na que entrou Soutullo moi novo como cornetin. Aos 19 anos vai estudar ao Conservatorio de Madrid, onde ten por profesores a Bretón, Fontanilla e Grajal. A estadia en Madrid pódela pagar grácias a un traballo como copista da Sociedade de Autores, traballo que ao parecer lle facilitou Chapi, que o aconsella no cido da composición. Ao rematar a carreira consegue o primeiro premio de Composición grácias ao que logra unha beca do Axuntamento de Vigo para estudar por tres anos en Alemaña, Fráncia e Italia.

Ao regreso a España establececese en Madrid onde ben cedo opta pola dedicación á zarzuela e revista musical. Consegue grandes éxitos tras a asociación con Juan Vert y Carbonell co que colaborará até a morte; algun dos títulos destes dous autores mantéñense no repertorio das compañías de zarzuela.

Polo que se refire ás composicións cultas deste autor, se ben hai novas de diversas obras de cámara, piano, relixiosas, etc., só se pudo atopar un manuscrito para banda que, segundo o seu revisor R. Groba, é unha transcripción da "Suite Vigo" orixinal para orquestra. A súa obra máis coñecida é o pasodobre "Ponteareas", de indiscutíbel calidade e afortunada difusión.

O mesmo que outros autores de zarzuela, carece Soutullo dun estudo biográfico que estableza unha cronoloxía vital, catálogo, fontes, etc. Nas historias da zarzuela asignásele sistemáticamente un lugar secundario, aínda que recoñecendo a importancia de dous títulos como "La del Soto Perral" e "La Leyenda del Beso". Tampouco existe ningún traballo que analice criticamente a súa estética, pois a bibliografía soutulliana é moi irregular e sempre actíva, pintando o laudatorio sobre o analítico.

A filiación da zarzuela de Soutullo-Vert compre encuadrarla no fenómeno europeo da ópera pre-jazzística, ben perto incluso da fórmula inmediatamente anterior á I Guerra Mundial. Argumentos exclusivamente sentimentais, de tipo falsamente populares (ou históricos), coa inclusión da parella bufá que se contrapon ao dramatismo da parella protagonista e unha música na que predominan os baillabéis e as "pezas de xénero". Se ben varios autores afirman a existencia de elementos "veristas" nestas zarzuelas, argumentando os elementos harmónicos e orquestrais, compre sinalar que na ópera "A viuva Ledá" de Lehar — de 1905 — podemos atopar ese tipo de elementos, como nas óperas de Strauss, Suppé, Sullivan, etc. Non cumpren as zarzuelas de Soutullo-Vert ningunha das características definitivas da ópera verista: extremada concisión; supeditación da música ao texto; libretos veristas; abundancia de "parlanti"; tensión vocal; melodía ao servizo da xustaldade lírica, etc.

De calquer xeito, Soutullo xogou un importante rol sociolóxico na Galiza da súa época ao ser proposto como modelo a seguir; artista de humilde orixe que obtivo grande éxito e recoñecemento social. O mimetismo desa imaxe herdada ven impediendo



LAVADO 83.

unha análise fundamentada da súa figura e sobretudo da súa música. Compérsenal que a ningún parece importar a cuestión ética e estética dunha produción compartida con outro autor.

**CATALOGO** — Música escénica: "El regreso", "La corte de don Rodrigo", "El tío Lucas", "Don Simón Pagatodo", "El capricho de una reina", "Guitarras y Bandurrias", "El regalo de boda", "Amores de aldea", "La aventuras de Colón", "La Guillotina", "La Venus de Chamberi", "La piscina de Buda", "Justicia y ladrones", "La caída de la tarde", "La casta del guardia", "Las panturillas", "La conquista del mundo", "La virgen de bronce", "La devoción de la Cruz", "Encarna la misterio", "Las Maravillosas", "La del Soto del Perral", "La leyenda del beso", "El último romántico", "Luzes de Verbena" (Op. postumo rematado por Gregorio Baudot). Música para banda: "Suite Vigo" e "Ponteareas".

**EDITORES** — Unión Musical Española (Madrid).

**FONTES** — Sociedad General de Autores de España, Juan Arnao: "La Zarzuela" (Madrid, 1979).

**BIBLIOGRAFIA** — Manuel Balboa: "Un achegamento ao teatro lírico galego" (en A NOSA TERRA nº 47, Santiago, 1979). Id. — "O teatro lírico galego nos séculos XIX e XX" (En "150 anos de música galega", Santiago, 1979). Xoán M. Carreira: "Gregorio Baudot e a sociedade musical da época" (En "Entregas de comunicación cultural" nº 20, Santiago, 1985). Id. e Margarita Seo Vaso: "Vida y obra del compositor Gregorio Baudot Puente" (En "Revista de Musicología" V, 1, Madrid, 1982). Id. — Numeración del catálogo de Gregorio Baudot Puente" (En "Revista de Musicología" VIII, 2, Madrid, 1985). Juan de Espinal: "Oda al maestro Soutullo" (En Faro de Vigo", 17-VI-1980). Antonio Fernández Cid: "Cien años de teatro musical en España" (Madrid, 1975). M. Dolores Groba (Otero): "Hoy se cumplen cien años del nacimiento del compositor R.S." (En "La Voz de Galicia, 11-VIII-1980). Rogelio Groba Groba: "el maestro S. y la música gallega" (A Coruña 1974). Id. — "Hoy hace medio siglo que se estrenó el pasodoble "Puen-

teareas" (En "La Voz de Galicia", 20-X-1979). Id. — "Una suite de S. se estrena hoy en la Coruña" (En la "Voz de Galicia", 9-XI-1980). Id. — S.O.R. (En "Gran Enciclopedia Gallega" T. 28, Gijón, 1985). José López-Calot — "La música en Galicia" (En "Galicia Eterna" T. IV, Barcelona, 1981). Josefina López de Serrantes: "R.S., un compositor con honradas raíces gallegas" (En "El ideal gallego", 17-VIII-1980). Vida Gallega: "Hablando con el maestro S." (nº 421, 1929. Por Emilio Candil) "El maestro S. habla de la música gallega" (nº 430, 1929) "Las Maravillosas que lo son" (nº 433, 1929). "Murió el maestro S." (nº 538, 1932).

**FONOGRAFIA** — "Suite Vigo" Banda Orquestra Municipal de A Coruña. Dtor. — Roxelio Groba. Ruada R-155-D (A Coruña). "Ponteareas". En "Música Regional Gallega" Banda Municipal de Lugo. Columbia C-7237. En "Música Regional Gallega" Banda Municipal de A Coruña. Dtor. — Rodrigo de Santiago. Columbia CS 8238. En "Banda-Orquestra Municipal de La Coruña" Director Groba. Columbia. CPS 9534 (Madrid, 1977). En "Crónicas" Banda Orquestra Municipal de A Coruña. Dtor. R. Groba. Ruada R-150-D. En "Banda da Lira". Dtor. — Manuel Vázquez Gregorio. Dial Discos. 50.1575 (Madrid, 1981). En "Banda A Unión de Galiaus" Dtor. Alfonso Méndez Méndez. Movieplay-Xeira. 13.08525 (Madrid, 1978).

"La leyenda del beso". Gutín, Ortiz, Blancas, Orfeo Graciens. Orquestra Sinfónica de Barcelona. Dtor. — Benito Lauret. Columbia SC 102. D. Pérez, Picaso, Aguilu, Córdoba, Rannelle. Coro de R.N.E. Orquestra de Cámara de Madrid. Dtor. — Esuela Zafiro ZOR-128. "La del Soto del Perral". Gulfin, Blancas, Ortiz, Higuera. Cantores de Madrid. Orf. Filarmónica de España. Dtor. — Rafael Frühbeck. Columbia. SC 53 Espinali, Panadés, Gual, Meseguer, Esteban, Pol. Coro de R.N.E. Orquestra de Cámara de Madrid. Dtor. Estevarena. Zafiro. Zec 5006. Rosado, Berganza, Auzensí, Munguía. Coro de Cantores de Madrid. Orquestra Sinfónica. Dtor. Argentina. Columbia. C3025. "El último romántico". Berganza, Rivadeneira, Torrano, Monreal, Gil. Coro de Cantores de Madrid. Orquestra Sinfónica. Dtor. Cisneros. Columbia SCLL 14042 Zaccova ZCC 5034.